Dado que o obxectivo da reforma é acomodar a composición da cámara, e non alterar os alicerces básicos dunha normativa electoral que conta cun elevado grao de consenso social, esta lei axusta, en segundo lugar, o número de escaños mínimos atribuídos a cada unha das circunscricións electorais, que queda fixado en oito. Con elo, o peso electoral de cada unha das provincias no conxunto da cámara é basicamente o mesmo que ten na actualidade, con 75 escaños e unha atribución de 10 escaños mínimos en cada circunscrición.

Ámbalas dúas modificacións, en definitiva, ao non alterar nin a estrutura esencial dos sistemas electoral e de partidos autonómico; nin a proporción de escaños que se asignan a cada circunscrición en función dos criterios poboacional e territorial; nin o peso relativo que cada unha das circunscricións ten na composición da cámara lexislativa; é neutral desde o punto de vista electoral, como demostra que a súa aplicación aos comicios celebrados no pasado non tería alterado nin a composición do Parlamento de Galicia nin a correlación entre as forzas políticas que obtiveron representación.

En terceiro lugar, esta lei introduce senllas modificacións na lei electoral e no Regulamento do Parlamento para incrementar a transparencia dos representantes públicos, elevando a rango normativo o que ven sendo xa unha práctica efectiva desde finais da VIII lexislatura: a publicación dos patrimonios dos cargos electos, garantindo a súa vez os dereitos constitucionais á privacidade e á seguridade persoal.

## ARTÍGO ÚNICO

1.- Modifícase o artigo 9 da lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, que quedaría redactado co seguinte texto:

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

## Artigo 9

1. O número de deputados e deputadas do Parlamento de Galicia fíxase en 61.
2. A cada unha das catro provincias de Galicia correspóndelle un mínimo inicial de 8 deputados e deputadas.
3. Os 29 deputados e deputadas restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación, conforme ao seguinte procedemento:
  - a) Obtense unha cuota de reparto resultante de dividir por 29 a cifra total da poboación de dereito das provincias de Galicia.
  - b) Adxudícase a cada unha das catro provincias tantos deputados e deputadas como resulten, en números enteiros, de dividir a poboación de dereito provincial pola cuota de reparto.
  - c) Os deputados e deputadas restantes distribúense asignando un a cada unha das provincias, o cociente das cales, obtido conforme ó apartado anterior, teña unha fracción decimal maior.
4. O Decreto de convocatoria debe especificar o número de deputados e deputadas que se elixirá en cada circunscrición, de acordo co disposto neste artigo.

2.- Modifícase o artigo 6.7 da lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, que quedaría redactado co seguinte texto:

Art. 6.7.- O contido do Rexistro de intereses terá carácter público a través dos procedementos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



3.- Modifícanse os artigos 15.3, 15.4 e 70.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que quedarían redactados co seguinte texto:

Art. 15.3.- As declaracións de actividades e bens inscribíranse no Rexistro de intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da presidencia. O seu contido será público a través do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e da web institucional da Cámara.

Art. 15.4.- En relación cos bens patrimoniais, publicarase unha declaración comprensiva da situación patrimonial dos deputados e deputadas, omitíndose aqueles datos referentes á súa localización e salvagardando a privacidade e seguridade dos seus titulares.

Art. 70.3.- Serán secretas, en todo caso, as sesións da Comisión do Estatuto dos Deputados.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Alberto Núñez Feijoo na data 02/01/2014 10:36:20**

**Pedro Puy Fraga na data 02/01/2014 10:36:42**

**Pilar Rojo Noguera na data 02/01/2014 10:36:54**

**Alfonso Rueda Valenzuela na data 02/01/2014 10:37:17**

**Marta Rodríguez Arias na data 02/01/2014 10:37:35**

**Román Rodríguez González na data 02/01/2014 10:37:37**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 02/01/2014 10:37:55**

**José Manuel Balseiro Orol na data 02/01/2014 10:38:11**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/01/2014 10:38:28**

**Rosa Oubiña Solla na data 02/01/2014 10:38:32**

**Jaime Castiñeira Broz na data 02/01/2014 10:38:33**

**Jesús Vázquez Abad na data 02/01/2014 10:38:35**

**Antonio Mouriño Villar na data 02/01/2014 10:38:37**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/01/2014 10:38:39**

**María Dolores Faraldo Botana na data 02/01/2014 10:38:43**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 02/01/2014 10:38:54**

**Jaime Iñiguez Martínez na data 02/01/2014 10:39:03**

**Alejandro Gómez Alonso na data 02/01/2014 10:39:10**

**José Santiago Freire Abeijón na data 02/01/2014 10:39:21**

**María Isabel García Pacín na data 02/01/2014 10:39:26**

**Berta Pérez Hernández na data 02/01/2014 10:39:34**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 02/01/2014 10:39:42**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 02/01/2014 10:39:48**

**Agustín Hernández Fernández de Rojas na data 02/01/2014 10:39:52**

**Angel Camino Copa na data 02/01/2014 10:39:59**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/01/2014 10:40:05**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/01/2014 10:40:12**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 02/01/2014 10:40:17**

**Moisés Blanco Paradelo na data 02/01/2014 10:40:21**

**Paula Prado del Río na data 02/01/2014 10:40:25**

**Enrique Nóvoa López na data 02/01/2014 10:40:31**

**María Carmen Pardo López na data 02/01/2014 10:40:36**

**Jose Francisco Santos Regueiro na data 02/01/2014 10:40:41**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 02/01/2014 10:40:45**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/01/2014 10:40:50**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 02/01/2014 10:40:56**

**Maria Herminia Pouso Maneiro na data 02/01/2014 10:41:01**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 02/01/2014 10:41:06**

**Agustín Baamonde Díaz na data 02/01/2014 10:41:12**

**Javier Dorado Soto na data 02/01/2014 10:41:16**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 02/01/2014 10:41:21**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 11.02.2014

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Consello Consultivo de Galicia.

16735 (09/PPL-000016)

*Publicación da iniciativa, BOPG núm. 219, do 02.01.2014*

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do artigo 122 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición de Lei do Consello Consultivo de Galicia**.

### Exposición de motivos

Co antecedente das previsións sobre a posible existencia de institucións consultivas autonómicas equivalentes ao Consejo de Estado contidas na Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, e na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e sobre todo co explícito recoñecemento polo Tribunal Constitucional das facultades das Comunidades Autónomas para crear, en virtude das súas potestades de autoorganización, órganos consultivos propios, das mesmas características e con idénticas ou semellantes funcións ás do Consejo de Estado, procedeu a Comunidade Autónoma de Galicia por Lei 9/1995 de 10 de novembro, á creación do Consello Consultivo de Galicia que habería de prestar a garantía que para o interese xeral e a legalidade obxectiva representaba, ata entón, a intervención preceptiva do Consejo de Estado en determinados procedementos e actuacións das administracións públicas de Galicia, pasando dende tal momento os ditames do Consejo de Estado a ser substituídos, en materias de competencia autonómica, polos emitidos por esa nova institución consultiva.

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Os máis de tres lustros transcorridos dende a entrada en vigor da dita Lei supuxeron un lapso de tempo suficiente para comprobar a eficacia do Consello Consultivo de Galicia, pero ese tempo tamén puxo de relevo a necesidade de dotar a institución dunhas características que se axusten mellor ao complexo sistema xurídico actual, á esixencia de satisfacción dos intereses públicos aos que, con obxectividade, han de servir os órganos decisores para os que a institución consultiva ditamina ou informa, e aos principios de eficiencia e economía do gasto público, todo elo con pleno respecto ás garantías institucionais de autonomía orgánica e funcional que, por definir a esencia dos consellos consultivos, segundo os criterios establecidos polo Tribunal Constitucional, son infranqueables para o lexislador.

## II

Partindo daqueles parámetros, na revisión que se efectúa a través da presente lei comézase, no seu título I, definindo a posición institucional do Consello Consultivo de Galicia como supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas integradas no seu territorio, co cal se precisa o alcance subxectivo das súas funcións, que non só abarcan á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con todos os entes que integran o sector público autonómico, senón que tamén se estenden ás Entidades Locais e Universidades Públicas de Galicia.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Fronte ao sistema de designación governamental dos membros electivos do órgano consultivo, polo que tería optado o lexislador de 1995 en coherencia coas limitadas funcións que ao Consello Consultivo de Galicia se lle encomendaban nos procesos de produción normativa, implántase no título II desta lei, como un dos trazos fundamentais que caracterizan a ese órgano, un sistema mixto que dá participación ao Parlamento na elección de tres dos membros electivos do Consello Consultivo, atendendo ás novas competencias de intervención do mesmo na actividade do lexislativo, sequera o sexa en fase de iniciativa do goberno e con carácter facultativo, dotándolle tamén, ao propio tempo, dun necesario equilibrio institucional.

Por outra banda, o feito de que a multiplicidade de funcións que se asignan ao Consello Consultivo xiren, en esencia, en torno a materias afectantes ás disciplinas de dereito administrativo, tributario e constitucional, fai oportuno que a elección dos membros electivos recaia sobre persoas dotadas duns perfiles técnico-xurídicos que estean en consonancia con tal circunstancia.

No título III amplíanse as competencias do órgano consultivo, respecto do que lle precedeu, dende unha dobre óptica:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

primeiro, nivelando as funcións ditaminadoras e as asesoras, de maneira que a chamada función ditaminadora, limitada a comprobar se determinadas propostas de resolucións ou proxectos de textos normativos xa elaborados axústanse ao ordenamento xurídico e a unha correcta técnica, complétanse coa función de asesoramento técnico dos poderes públicos, que abarca a posible redacción de anteproxectos lexislativos, elaboración de propostas lexislativas ou de reforma estatutaria, e, sobre todo, a emisión de informes sobre cuestións concretas de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia; segundo, axustando o ámbito competencial do órgano consultivo ao vixente marco legal (incluíndo, entre outras, as funcións de ditaminar sobre a revisión de oficio de disposicións xerais, declaración de nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria, formalización de conflitos en defensa da autonomía local, aprobación de pregos de cláusulas administrativas xerais ou modificacións dos contratos administrativos), engadindo outras competencias, que hoxe son lugar común nas lexislacións autonómicas (como as relativas á emisión de ditames previos á interposición polo Consello da Xunta de recursos de inconstitucionalidade e conflitos de competencia ante o Tribunal Constitucional), e atribuíndo ao órgano consultivo competencia para emitir ditames facultativos nos procesos de elaboración de leis de iniciativa da Xunta.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



A regulación e competencias dos órganos no que se articula o Consello Consultivo e o procedemento de adopción dos seus acordos son o obxecto dos títulos IV e V da presente lei, merecendo destacarse, no primeiro aspecto, a configuración dun órgano de novo cuño, a sección de estudos e informes, que vai a contar coa aportación da valiosa e excepcional experiencia das conselleiras e conselleiros natos e á que se encomenda na lei a redacción dos anteproxectos lexislativos e a elaboración das propostas lexislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta poida encomendar ao Consello Consultivo, como así mesmo a realización dos informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia solicite.

Finalmente, no título VI, e sen prexuízo das necesarias referencias ao persoal ao servizo do Consello Consultivo e ao corpo de persoal letrado da institución, encoméndase o desenvolvemento pormenorizado da súa organización e funcionamento a un futuro regulamento que será elaborado polo Consello Consultivo e aprobado polo Consello da Xunta.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1.- Natureza.

O Consello Consultivo de Galicia é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade autónoma de Galicia.

O Consello Consultivo de Galicia actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por mandato imperativo algún.

#### Artigo 2.- Sede.

O Consello Consultivo de Galicia ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela.

## TÍTULO II

### Composición

#### Artigo 3.- Membros e a súa designación.

- 1.- O Consello Consultivo de Galicia está integrado por conselleiras e conselleiros electivos e conselleiras e conselleiros natos.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

- 2.- As conselleiras e conselleiros electivos, en número de cinco, deberán ser xuristas de recoñecida competencia que contengan experiencia e desempeño efectivo, durante ao menos doce anos, en cargo, función ou actividade profesional relacionadas especificamente co dereito administrativo, tributario ou constitucional.

Nomearanse polo Consello da Xunta, dous a proposta da persoa titular da Presidencia da Xunta e tres a proposta do Parlamento de Galicia. A proposta do Parlamento será feita de forma proporcional á representación dos grupos parlamentarios existentes na Cámara e o acordo será adoptado por maioría de tres quintos dos seus membros en primeira votación ou maioría absoluta en segunda votación, se fora necesaria.

- 3.- Son conselleiras e conselleiros natos as persoas que exerceron a Presidencia da Xunta de Galicia.

A súa incorporación inicial ao Consello Consultivo pode producirse en calquera momento, pero en todo caso antes de cumprir a idade de setenta e cinco anos. A tal efecto, formalizarán ante o Consello Consultivo o seu desexo de incorporarse ao mesmo e formularán declaración de non incorrer en causa de incompatibilidade.

O mandato das conselleiras e conselleiros natos do Consello Consultivo, unha vez que se incorporen ao mesmo, poderá interromperse a consecuencia do seu nomeamento para un cargo público declarado incompatible. Producido o cese nese cargo, a persoa interesada disporá dun prazo de tres meses dende o dito cese para formalizar a súa reincorporación ao Consello Consultivo polo tempo que lle quede de mandato.

**Artigo 4.-** Duración do mandato e substitución.

- 1.- As conselleiras e conselleiros electivos exercerán o seu mandato por un período de seis anos, salvo remoción polas causas previstas nesta lei.
- 2.- As conselleiras e conselleiros electivos terán como límite máximo de permanencia nos seus cargos a idade de setenta e cinco anos.
- 3.- O cese anticipado dunha conselleira ou conselleiro electivo dará lugar a súa substitución.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

A tal efecto, a persoa titular da presidencia do Consello Consultivo poñerá o cese en coñecemento da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia interesando que propoña ou, no seu caso, solicite do órgano que propuxo á conselleira ou conselleiro cesante a realización de nova proposta na forma e coas condicións previstas para o nomeamento inicial e que se proceda ao nomeamento dunha nova conselleira ou conselleiro, cuxo mandato exercerá polo tempo que faltase para a expiración do mandato da persoa cesante.

- 4.- As conselleiras e conselleiros natos exercerán o seu mandato por un período de seis anos se tiveran a condición de titular da Presidencia da Xunta de Galicia durante catro ou menos anos, ou por un período de doce anos se tiveran a condición de titular da Presidencia da Xunta de Galicia durante máis de catro anos.
- 5.- Con tres meses de antelación á expiración do período de mandato dunha conselleira ou conselleiro nato, a persoa titular da presidencia do Consello Consultivo o comunicará ao Consello da Xunta, o cal, cando as circunstancias concorrentes así o aconsellaran, poderá prorrogar o mandato da conselleira ou conselleiro por un período que non superará, en ningún caso, a terceira parte do período inicial que lle correspondese.

#### **Artigo 5.-** Inmobilidade e cese.

- 1.- Durante o tempo do seu mandato as conselleiras e conselleiros serán inamovibles, non podendo removeirse dos seus cargos senón por renuncia, límite de idade, incapacidade, incompatibilidade sobrevida ou incumprimento grave dos deberes do cargo.
- 2.- O cese en todos os supostos será decretado polo Consello da Xunta, previa aceptación da renuncia pola presidencia do Consello Consultivo e apreciación das restantes causas do cese polo Pleno do Consello Consultivo.
- 3.- Nos supostos de cese por renuncia ou límite de idade das conselleiras e conselleiros electivos deberán continuar exercendo o seu cometido en funcións, ata que tomen posesión dos seus cargos quen deban substituílos.

#### **Artigo 6.-** Incompatibilidades.

- 1.- A condición de conselleira ou conselleiro é incompatible:
  - a) Con calquera cargo de elección popular ou designación política.
  - b) Con emprego ou cargo dotado ou retribuído pola Administración do Estado, Comunidades Autónomas, entidades locais e organismos ou empresas dependentes de calquera deles.

- c) Có exercicio das carreiras xudicial, fiscal, ou militar.
  - d) Có desempeño de funcións directivas en partidos políticos, sindicatos de traballadores ou asociacións empresariais.
  - e) Con cargos de toda índole en empresas ou sociedades que contraten a prestación de servizos, subministración ou obras con calquera Administración da Comunidade Autónoma.
  - f) Con calquera actividade profesional ou mercantil.
- 2.- Será compatible co exercicio da actividade docente, previa declaración expresa de compatibilidade pola presidencia do Consello Consultivo.

Así mesmo será compatible, sen necesidade de declaración expresa de compatibilidade, coas actividades de produción e creación literaria, científica ou técnica e as publicacións derivadas delas, e coa participación como director ou relator en congresos, seminarios, xornadas de traballo, conferencias ou cursos de carácter profesional.

- 3.- Se concorre algunha causa de incompatibilidade na persoa que se designe conselleira ou conselleiro electivo e esa causa non fora removida antes da data sinalada para tomar posesión do cargo, entenderase que renuncia ao posto no Consello Consultivo, o que así se decretará polo Consello da Xunta, procedéndose seguidamente, de tratarse dunha conselleira ou conselleiro electivo, a efectuar unha nova designación na forma prevista para os supostos de cese anticipado.

**Artigo 7.-** Abstención.

As persoas que integran o Consello Consultivo deberán absterse de intervir en aqueles asuntos que proceda conforme á Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 8.-** Deber de sigilo.

As persoas que integran o Consello teñen a obriga de gardar segredo sobre o contido das deliberacións do mesmo e non poderán facer, sen previa autorización do Consello, declaracións ou manifestacións públicas, valorativas, orais ou escritas, ou formular do mesmo modo opinións científicas, sobre temas ou materias concretas que estean directamente relacionadas coa súa función institucional.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)





### **Artigo 9.-** Retribucións.

A persoa titular da presidencia e os membros do Consello Consultivo terán dereito as retribucións polos conceptos e contías que anualmente se fixen na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Artigo 10.-** Renovación das conselleiras e conselleiros electivos.

Con seis meses de antelación á expiración do mandato das conselleiras e conselleiros electivos, a persoa titular da presidencia do Consello Consultivo dirixirase á Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia do Parlamento interesando que se proceda ao nomeamento de novas conselleiras ou conselleiros.

Os membros electivos do Consello Consultivo deberán permanecer no exercicio dos seus cargos ata a toma de posesión dos novos membros.

## **TITULO III**

### **Competencias**

### **Artigo 11.-** Ditames

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

- 1.- O Consello Consultivo de Galicia emitirá ditame en cantos asuntos, relativos ás materias previstas nesta lei, lle sexan sometidos a súa consulta pola Presidencia da Xunta de Galicia, o Consello da Xunta ou calquera das persoas que forman parte del, as administracións do sector público autonómico, as Entidades Locais e as Universidades Públicas de Galicia.
- 2.- No desempeño da súa función ditaminadora, o Consello Consultivo de Galicia exercerá o control previo do rigor técnico xurídico das actuacións do órgano consultante, velando pola observancia da Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e o resto do ordenamento xurídico, sen estenderse a valoracións de oportunidade ou conveniencia salvo que así o solicite expresamente o órgano consultante.
- 3.- A consulta ao Consello Consultivo de Galicia será preceptiva cando así se estableza por lei.  
  
Os ditames non serán vinculantes, salvo que por lei se dispoña expresamente o contrario.
- 4.- Os asuntos sobre os que ditaminara o Consello Consultivo de Galicia non poderán ser sometidos polo órgano consultante a ditame posterior doutro órgano ou institución consultiva.

- 5.- Os actos administrativos, disposicións ou proxectos normativos aprobados en asuntos ditaminados preceptivamente polo Consello Consultivo, expresarán se se acordan conforme co seu ditame ou se apartan del. No primeiro caso, conterán a fórmula <<de acordo co Consello Consultivo>>; no segundo, a de <<oído o Consello Consultivo>> ou, de conformarse enteiramente con algún voto particular, a de <<oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado pola conselleira/o (ou conselleiras/os)...>>.

**Artigo 12.-** Ditames preceptivos.

O Consello Consultivo ditaminará preceptivamente sobre os seguintes asuntos:

- a) Anteprojectos de reforma do Estatuto de Autonomía elaborados pola Xunta de Galicia.
- b) Proxectos de lexislación delegada a que se refire o art. 10.1.a) do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- c) Proxectos de regulamento de execución de leis autonómicas e de desenvolvemento de normas básicas do Estado, e, de ser o caso, de normas da Unión Europea, así como as súas modificacións.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)

- d) Interposición polo Consello da Xunta de recursos de inconstitucionalidade e formulación de conflitos de competencia ante o Tribunal Constitucional, previamente á presentación do correspondente procedemento.
- e) Formalización de conflitos en defensa da autonomía local formulados polas entidades locais de Galicia ante o Tribunal Constitucional, previamente á presentación do correspondente procedemento.
- f) Revisión de oficio dos actos e das disposicións administrativas e recurso administrativo de revisión.
- g) Aprobación de prego de cláusulas administrativas xerais e interpretación, modificación, nulidade e resolución dos contratos administrativos nos casos previstos na normativa xeral de contratación administrativa.
- h) Nulidade, interpretación, modificación e extinción de concesións administrativas calquera que sexa o seu obxecto, nos casos en que así o esixan as normas de aplicación.
- i) Nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria.
- j) Reclamacións de responsabilidade patrimonial de contía superior a 30.000 euros.

- k) Creación ou supresión de municipios e alteración de termos municipais.
- l) Calquera outro asunto no cal unha lei esixa expresamente o ditame do órgano consultivo.

**Artigo 13.-** Ditames facultativos.

Con carácter facultativo, poderá pedirse o ditame do Consello Consultivo nos seguintes casos:

- a) Anteprojectos de lei elaborados polo Consello da Xunta.
- b) Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas.
- c) Conflitos de atribucións que se susciten entre diversas consellerías, entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e outras administracións públicas de Galicia ou entre as entidades locais de Galicia.
- d) Calquera outro asunto afectante á Administración da Comunidade Autónoma ou a entidades locais de Galicia cando, a xuízo da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, o requira a súa especial transcendencia.

#### **Artigo 14.-** Propostas e informes.

O Consello da Xunta poderá encomendar ao Consello Consultivo de Galicia a redacción de anteproxectos lexislativos e a elaboración de propostas lexislativas ou de reforma estatutaria, debendo a súa realización axustarse estritamente ao ámbito delimitado polos criterios e obxectivos expresados polo Consello da Xunta.

Poderá tamén a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes sobre calquera cuestión concreta cando, ao seu xuízo, sexan de indubidable transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia.

### **TÍTULO IV**

#### **Órganos do Consello Consultivo**

#### **Artigo 15.-** Clases.

- 1.- O Consello Consultivo artículase nos seguintes órganos:
  - Presidencia
  - Pleno.
  - Sección de ditames.
  - Sección de estudos e informes.
  - Secretaría xeral

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

- 2.- Regulamentariamente poderanse establecer outras Seccións que se estimen oportunas.

#### **Artigo 16.-** Presidencia

- 1.- A persoa titular da presidencia do Consello Consultivo será nomeada libremente pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia entre as conselleiras e conselleiros electivos. O seu mandato terá unha duración coincidente coa do seu cargo de conselleira ou conselleiro.
- 2.- A persoa titular da presidencia do Consello Consultivo tomará posesión do seu cargo ante o Pleno do dito órgano.
- 3.- Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outro motivo lexítimo será substituída pola conselleira ou conselleiro electivo de máis idade.

#### **Artigo 17.-** Funcións da Presidencia.

A presidencia do Consello Consultivo terá as seguintes funcións:

- 1.- Ostentar a representación do Consello Consultivo.
- 2.- Convocar e presidir as sesións do Pleno e das Seccións, decidindo os empates con voto de calidade.
- 3.- Fixar a orde do día das sesións do Pleno e das Seccións.
- 4.- Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno e das Seccións.

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

- 5.- Rotar os relatorios dos asuntos entre as persoas que integran o Consello.
- 6.- Dirixir a execución do orzamento do Consello.
- 7.- Exercer a superior dirección das actividades dos órganos técnicos do Consello.
- 8.- Exercer a superior inspección dos servizos do Consello e da súa sede.
- 9.- As demais previstas nesta Lei ou no Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo.

**Artigo 18.-** O Pleno.

- 1.- O Pleno do Consello Consultivo está constituído pola persoa que ostenta a presidencia, as conselleiras e conselleiros electivos e as conselleiras e conselleiros natos.
- 2.- Son funcións do Pleno:
  - a) Ditaminar a solicitude da Presidencia da Xunta de Galicia os asuntos relativos a anteprojectos de reforma do Estatuto de Autonomía, calquera outros anteprojectos ou proxectos de disposicións legais ou regulamentarias, os asuntos relacionados co Tribunal Constitucional e os convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



- b) Pronunciarse sobre as propostas legislativas ou de reforma estatutaria encomendadas polo Consello da Xunta e elaboradas pola Sección de estudos e informes.
- c) Aprobar a memoria anual de actividades que debe ser elevada ao Consello da Xunta.
- d) Aprobar anualmente o anteproxecto de orzamentos do Consello, que se integrará nos xerais da Comunidade Autónoma nunha sección específica.
- e) As demais funcións que correspondan ao Consello Consultivo e non fosen expresamente atribuídas a outros órganos do mesmo.

**Artigo 19.-** Sección de ditames.

- 1.- Compoñen a Sección de ditames a persoa titular da presidencia do Consello e as conselleiras e conselleiros electivos.
- 2.- A persoa titular da presidencia poderá delegar en quen legalmente lle substitúa a presidencia da Sección de ditames para a resolución dos asuntos da súa competencia.
- 3.- Compete a esta Sección ditaminar sobre os asuntos non atribuídos á competencia do Pleno.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Artigo 20.-** Sección de estudos e informes.

- 1.- A Sección de estudos e informes estará composta pola persoa titular da presidencia do Consello, que a presidirá, por unha conselleira ou conselleiro electivo e por unha conselleira ou conselleiro nato, que se designarán anualmente polo Pleno a proposta da presidencia do Consello, podendo incorporarse a ela, para a súa intervención limitada a un asunto concreto, outra conselleira ou conselleiro electivo que se designará na mesma forma.
- 2.- Compete a esta Sección a redacción dos anteproxectos legislativos e a elaboración, para o seu sometemento ao Pleno, das propostas legislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta encomende ao Consello Consultivo. Compételle, así mesmo, a realización dos informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia solicite.
- 3.- Cando a realización dun determinado anteproxecto legislativo ou dun concreto informe requira información ou asesoramento técnico especializado, poderá solicitarse a asistencia de persoal funcionario doutros corpos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Artigo 21.- Secretaría Xeral

- 1.- O Consello Consultivo contará cunha secretaría xeral, que será fedataria dos actos do Consello e cumprirá as funcións que lle atribúa o Regulamento de organización e funcionamento.
- 2.- A persoa titular da secretaría xeral deberá ser licenciada en dereito, e funcionaria do Grupo A Subgrupo A-1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou do Estado, ou persoal letrado do Consello Consultivo. Será nomeada e cesada polo Pleno a proposta da presidencia do Consello Consultivo.

## TÍTULO V

### Procedemento

#### Artigo 22.- Adopción de acordos.

- 1.- Nas reunións do Consello Consultivo requirirase, para a validez das deliberacións e dos acordos, a presenza da persoa titular da presidencia ou de quen legalmente a substitúa, a dun número de conselleiras ou conselleiros que, coa presidencia, constitúan maioría absoluta e a da persoa titular da secretaría xeral ou de quen a substitúa.

- 2.- Os acordos adoptaranse pola maioría de votos dos membros asistentes, debe facerse constar neles se se adoptan por maioría ou por unanimidade e ningún dos membros con dereito a voto pode absterse nas votacións, agás que concorran causas legais de abstención.
- 3.- No caso de discrepancias co acordo adoptado, as conselleiras ou conselleiros discrepantes poderán formular por escrito, no prazo que regulamentariamente se determine, o seu voto particular razoado, que se acompañará ao acordo.
- 4.- Os membros natos do Consello Consultivo actuarán no Pleno con voz pero sen voto, non computándose, en consecuencia, a súa asistencia aos efectos do quórum de constitución e adopción de acordos.

#### **Artigo 23.- Prazos.**

- 1.- O Consello Consultivo haberá de emitir os seus ditames e informes no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de recepción da solicitude. Non obstante, cando na solicitude fáganse constar motivadamente razóns de urxencia, o prazo para emitir o ditame ou informe será de quince días, salvo que, excepcionalmente, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou o Consello da Xunta fixen un prazo menor. Transcorridos aqueles prazos entenderase, tratándose de solicitudes de ditames, que non existe obxección algunha á cuestión suscitada.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

- 2.- O prazo para a redacción de anteproxectos legislativos e elaboración de propostas legislativas ou de reforma estatutaria será o que fixe a autoridade consultante. No seu defecto, o prazo será de seis meses. Os devanditos prazos empezarán a contarse dende o día seguinte á recepción da solicitude da consulta. Excepcionalmente, cando pola complexidade da materia fora previsible a insuficiencia do prazo establecido, a presidencia do Consello solicitará á autoridade consultante que fixe un prazo superior.

#### **Artigo 24.-** Documentación.

- 1.- O órgano consultante haberá de facilitar ao Consello canta documentación precise para pronunciarse sobre a cuestión formulada.
- 2.- O Consello, a través da persoa que ostenta a súa presidencia, e por acordo daquela, poderá solicitar ao órgano ou institución consultante que se complete a documentación con cantos antecedentes, informes e probas considere necesarios.

#### **Artigo 25.-** Audiencias.

As persoas ou entidades directamente interesadas nos asuntos motivadores das consultas poden ser oídas ante o Consello, por acordo do mesmo adoptado de oficio ou a petición daquelas.

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)

## TÍTULO VI

### Organización e funcionamento.

#### Artigo 26.- Regulamento de organización e funcionamento.

A organización e o funcionamento do Consello Consultivo de Galicia regularase polo seu propio regulamento de organización e funcionamento, que será elaborado polo Consello Consultivo e aprobado polo Consello da Xunta.

#### Artigo 27.- Persoal.

Corresponde ao Consello Consultivo de Galicia establecer a organización do persoal ao seu servizo, propoñer á Xunta de Galicia a aprobación e modificación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo, que, sen prexuízo do disposto respecto do persoal letrado, serán cubertos por persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras Comunidades Autónomas ou do Estado, e levar a cabo os procesos de selección de persoal e provisión de postos de traballo.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

## **Artigo 28.-** Letrados.

- 1.- O Consello Consultivo está asistido polo seu propio corpo de persoal letrado, ao que corresponde, baixo a dirección da presidencia ou conselleiras e conselleiros, as funcións de estudo dos asuntos sometidos a consulta do Consello, preparación e redacción dos correspondentes proxectos de ditames, informes ou propostas e as demais funcións adecuadas á súa condición que lles atribúa o regulamento de organización e funcionamento do Consello.
- 2.- A súa selección efectuarase da forma seguinte:
  - a) Dúas terceiras partes, por oposición libre, entre persoas con licenciatura en dereito ou posuidoras do título de grao en dereito.
  - b) Un terzo, por concurso entre persoal letrado doutros Consellos Consultivos, persoal funcionario da escala de letradas/os da Xunta de Galicia ou doutras Comunidades Autónomas.

- 3.- O persoal letrado terá as incompatibilidades establecidas con carácter xeral para o persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e non poderá exercer funcións distintas ás que lles son propias, salvo a docencia ou investigación que se consideren compatibles con aquelas e non prexudiquen a boa marcha do Consello e sempre previa autorización da presidencia.

#### **Disposicións transitorias.-**

**Primeira.-** Situación dos membros electivos nomeados ao amparo da normativa que se derroga.

Se ao tempo da entrada en vigor desta lei non tivera transcorrido o período de seis anos de exercicio do mandato para o que foron nomeados, ao amparo da normativa que se derroga, as últimas conselleiras e conselleiros electivos, continuarán no exercicio dos seus cargos ata cumprir aquel período, e os seguirán desempeñando ata o nomeamento e toma de posesión, na forma prevista na presente lei, das persoas que os deban substituír.



Se ao tempo da entrada en vigor desta lei tivera transcorrido o período de seis anos de exercicio do mandato para o que foron nomeados as últimas conselleiras e conselleiros electivos, e, conforme ao previsto no artigo 27 do regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, continuasen nese momento no exercicio dos seus cargos, seguirán desempeñando os mesmos ata o nomeamento e toma de posesión, na forma prevista na presente lei, das persoas que os deban substituír.

**Segunda.-** Cómputo do mandato das conselleiras e conselleiros natos.

O tempo de mandato exercido polos conselleiros natos incorporados ao Consello Consultivo de Galicia antes da entrada en vigor desta lei, computarase a efectos da aplicación do previsto no artigo 4.4. da mesma.

**Terceira.-** Regulamento provisional de funcionamento.

Ata o momento en que entre en vigor o novo Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo, será de aplicación o aprobado por Decreto 282/2003, do 22 de maio en todo o que non se opoña ao establecido na presente lei.



**Disposición derogatoria.**

**Derrogación normativa.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei e, expresamente, a Lei 9/1995, de 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.

**Disposicións derradeiras.**

**Primeira.-** Regulamento orgánico.-

O Consello Consultivo elaborará, no prazo de tres meses a partir da súa efectiva renovación, o novo regulamento de organización e funcionamento e elevarao ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

**Segunda.-** Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2013

**Asinado dixitalmente por:**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Pedro Puy Fraga na data 23/12/2013 13:09:18**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00  
Orde do día

3.            Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.1      17403(09/CPP-000137)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e  
Infraestruturas, por petición propia, para informar do  
balance de seguridade viaria nas estradas galegas no ano 2013  
e sobre as actuacións previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA

16 XAN. 2014

17403

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar “do balance de seguridade viaria nas estradas galegas no ano 2013 e actuacións previstas ao respecto.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00  
Orde do día

4.        Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.1    16715(09/MOC-000053)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a execución do plan industrial derivado do concurso eólico. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 13951, publicada no BOPG núm. 184, do 32.10.2013, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2013)

*Publicación da iniciativa, 226, 21.01.2014*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, por iniciativa do seu deputado, **Antón Sánchez García** e a través do seu portavoz, ao abeiro no disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación (núm. rexistro 13951) debatida no Pleno celebrado o 17 de decembro de 2013, sobre a execución do plan industrial derivado do concurso eólico.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que se incoe expediente de revisión de oficio da Resolución de 23 de novembro de 2012, de aprobación do Plan Anual e Plurianual de investimento 2012-2015 presentado por Unión-Fenosa Distribución S.A para o ámbito territorial de Galiza.

2.- Que se proceda á incoación de expediente sancionador contra Unión Fenosa Distribución S.A polos feitos denunciados no Informe da Xefatura de Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de 14/11/2012 así como das restantes medidas de actuación propostas en dito Informe.

3.- Dar traslado á Fiscalía dos feitos denunciados polos Informes da Xefatura de Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña.

4.-Trasladar toda a información necesaria á Comisión de seguimento dos Plans industriais do concurso eólico das actuacións contidas no Plan de Investimento Anual e Plurianual 2012-2015 de Unión Fenosa Distribución S.A. que a citada empresa debe presentar en cumprimento do artigo 4.1 da Lei 54/1997 de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, e os artigos 4.2b e 9 do Real Decreto 222/2008 para que ésta proceda a elaborar un informe da ao respecto da compatibilidade das actuacións contidas en ambos plans e respecto do cumprimento da resolución do concurso eólico.”

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2013.

Asdo. Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 20/12/2013 12:26:08**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 20/12/2013 12:26:19**

## Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 11.02.2014

Hora: 10:00

### Orde do día

4.2

16723 (09/MOC-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a xestión dos residuos urbanos de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 15610, publicada no BOPG núm. 204, do 28.11.2013, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2013).

*Publicación da iniciativa, BOPG núm. 226, do 21.01.2014*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 17 e 18 de decembro de 2013, sobre o modelo de xestión de residuos de SOGAMA (09/INT-000540, doc. Núm. 15.610)

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á adopción das medidas seguintes, en coordinación coas Administracións locais:

1ª A retirada inmediata e urxente do incremento do canon por tratamento de residuos, recollido na DA 21ª da lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2ª A elaboración dun novo plan de Residuos Urbanos de Galicia, adecuado á xerarquía establecida na Directiva 2008/98/CE e que converta a SOGAMA na xestora do conxunto dos residuos orixinados en Galicia, de maneira que pase a ser un modelo de xestión:

- a) Sostible ambientalmente.
- b) Complementado por outros máis pretos no territorio, con arranxo á máxima da proximidade.
- c) Residual respecto de novas plantas de reciclaxe, separación e valorización anexas, de forma que so o rexeito das mesmas sexa tratado en SOGAMA.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2013.

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/12/2013 16:04:21**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/12/2013 16:30  
Nº Rexistro: 16723  
Data envío: 20/12/2013 16:05:40.309

---

 Grupo Parlamentario



**José Luís Méndez Romeu na data 20/12/2013 16:04:32**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.        **Proposicións non de lei en pleno**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.1      5860(09/PNP-000440)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas probas con avións non tripulados ou drones.

*Publicación da iniciativa, 84, 10.04.2013*

*Publicación correccións, 89, 18.04.2013*



O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a iniciativa do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate en **Pleno**.

Ao longo destes anos numerosas fontes situaban a Galicia como o lugar escollido para establecer unha das cinco bases de Drones que a OTAN ten previsto instalar en Europa.

Nun primeiro momento todo parecía apuntar a que sería a zona de Trasmiras en Ourense a elixida para establecer a mencionada base de Drons por reunir os requisitos necesarios, mais axiña se empezou a falar de Lugo e o Aeródromo de Rozas en Outeiro de Rei como outra das opcións viables para o establecemento da base internacional de drons, eufemisticamente chamados avións non tripulados, á vez que quedaba evidenciada a paralización do proxecto de Trasmiras.

En Marzo de 2011 facíase público o establecemento dun programa de avións non tripulados no Aeródromo de Rozas para a investigación, desenvolvemento de proxectos e divulgación no campo da aeronáutica, a través dun convenio co Instituto Nacional de Técnica Aeronáutica (INTA) dependente do Ministerio de Defensa. Participaron na xestión de dito convenio O Goberno Central, A Deputación Provincial de Lugo, O Concello de Castro de Rei e O Real Aeroclube de Lugo. Dito convenio terá unha duración prorrogable de 10 anos.

Nesas datas confirmábase o inicio das probas por parte do Ministerio de Defensa para empregar o Aeródromo de Rozas como base de avións espía do programa da multinacional AEDS, unha das máis importantes en venda de armamento militar a nivel mundial.

No mes de xullo de 2012, producíase a visita do Xeneral de División Ignacio Azqueta e o Subdirector Xeral de Experimentación e certificación do INTA, Bartolomé Marqués ao aeródromo de Rozas. Ambos recoñecían a realización de probas con avións non tripulados e o inicio de obras de adaptación no Aeródromo Lucense para estes fins. Marqués e Azqueta declararon ademais, que Lugo podería ser unha das cinco bases de probas que os Estados Unidos tiña previsto instalar en Europa e poñer en marcha antes do 2015.

Os pasado mes de febreiro de 2013 levanta o voo en Rozas o “ATLANTE”, un avión non tripulado fabricado pola Empresa Cassidian, pertencente a multinacional EADS, o consorcio europeo líder mundial en venda de armamento.



O “ATLANTE” é definido polo propio fabricante como un UAS (Unmanned Aerial System) polivalente, o que fai deste modelo **“O primeiro avión non tripulado táctico capaz de realizar misións tanto civís como militares...”**

Trátase polo tanto dun avión non tripulado dos chamado “dron”, tristemente celebres por practicar masacres e asasinatos a civís e militares nos principais escenarios de guerra do planeta. Cada ano son milleiros as vítimas deste tipo de avións que actúan impunemente en países como Pakistan, Yemen, Irak, Somalia, Afganistan, Palestina...

Por estes e outros motivos as bases de drons son ademais destacados obxectivos militares e terroristas polo seu alto valor militar e estratéxico o que supón un risco mais que evidente para a cidadanía que se atope na súa contorna.

Tendo en conta estes feitos, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a:

- 1- Demandar do Goberno do Estado a inmediata paralización das probas con avións non tripulados tamén chamados “drons” e ofrecer as oportunas explicacións a cidadanía, sobre os fins contemplados polo Ministerio de Defensa para o Aeródromo de Rozas en Lugo.
- 2- Demandar do Goberno do Estado, información das probas realizadas no Aeródromo de Rozas e do contido do Convenio asinado entre o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial dependente do Ministerio de Defensa, o Concello de Castro de Rei, a Deputación Provincial de Lugo e o Real Aeroclub de Lugo.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2013.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz  
Deputado do G.P. da AGE.  
Xosé M. Beiras Torrado  
Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 02/04/2013 10:27:41**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 02/04/2013 10:27:51**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a través da súa portavoz suplente, **Yolanda Díaz Pérez** e do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, **SOLICITA** que se faga a seguinte corrección de erros nas iniciativas que se relacionan a continuación:

- Proposición non de lei en Pleno (doc. núm. 5860).
- Pregunta con resposta oral en Pleno (doc. núm. 6420).
- Pregunta con resposta oral en Comisión (doc. núm. 6422).
- Interpelación (doc. núm. 6424).

Onde aparece a expresión “Outeiro de Rei” debe figurar “Castro de Rei”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Deputado do G.P. da AGE

Yolanda Díaz Pérez

Viceportavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/04/2013 18:27:21**

**Yolanda Díaz Pérez na data 15/04/2013 18:27:30**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.2      12227(09/PNP-000897)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a elaboración, impulso e execución pola Xunta de Galicia dun plan para a promoción no exterior dos produtos galegos de calidade.

*Publicación da iniciativa, 166, 25.09.2013*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Galicia conta con importantes comunidades galegas no exterior espalladas por distintos países do mundo –especialmente no continente americano– froito do proceso de emigración que tivo lugar nos dous últimos séculos.

O Estatuto de autonomía e a normativa vixente, entre elas, a nova lei especificamente prevista para este colectivo, fai un expreso recoñecemento da súa galegidade e pon en valor a contribución positiva que este colectivo de galegas e galegos no exterior pode facer á súa terra de orixe.

O Grupo Parlamentario Popular é consciente que os nosos emigrantes, desde os países nos que residen, son os perfectos embaixadores da nosa terra: Tanto no ámbito da promoción turística, como sobre todo no da valorización do noso patrimonio cultural e histórico.

Tamén poden selo, e de feito xa o son, os mellores embaixadores dos produtos galegos, dos tesouros da nosa terra (agricultura e gandaría) e do noso mar e, moi en concreto tamén, dos nosos excelentes peixes e mariscos.

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



Baixo estes principios está claro que unha actuación coordinada da Xunta coas comunidades galegas no exterior, pode contribuír como elemento dinamizador da nosa economía e como reclamo á hora de poñer en valor e dar a coñecer a excelente calidade dos produtos do mar galegos.

Vinculándose á orixe galega, apostamos pola orixinalidade nun mundo globalizado e, diferenciando os nosos produtos, coa complicitade e colaboración das nosas comunidades no exterior, beneficiamos a Galicia.

En definitiva, o Grupo Parlamentario Popular quere que o Goberno galego desenvolva unha estratexia planificada para crear sinerxías coas comunidades galegas no exterior, para a promoción dos nosos produtos.

Hoxe, nun mundo cada vez máis globalizado, grazas á mellora das comunicacións, é posible facer chegar os sabores galegos a medio mundo e, a través dos produtos que se exportan desde aquí e que levan o selo de Galicia, poden tamén xurdir novas alianzas e oportunidades para a nosa pesca e marisqueo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar, impulsar e executar un plan para que, en colaboración coas comunidades galegas no exterior, potencie e faga posible a promoción dos produtos galegos de calidade”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2013

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/09/2013 14:18:09**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)

[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**José Manuel Balseiro Orol na data 13/09/2013 14:18:22**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.3      15330(09/PNP-001077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar os desafiuzamentos por procesos de execución hipotecaria.

*Publicación da iniciativa, 204, 28.11.2013*





### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Cosme Pombo Rodríguez** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun compromiso activo para evitar os desafuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

A crise económica e as súas dramáticas consecuencias sociais está provocando que moitos cidadáns no noso país non poidan ver garantido na práctica o dereito a unha vivenda digna.

Desde o comezo da crise económica miles de cidadáns que accederon a unha vivenda por medio de préstamos hipotecarios están atravesando unha delicada situación que lles impide facer fronte ao vencemento dos créditos, véndose abocados a perder a súa vivenda.

Para facer fronte a este grave problema social é imprescindible que a Xunta de Galiza teña un compromiso activo para evitar os desafuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

Por todo o devandito fórmulase a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:



1.- Demandar o establecemento dunha quita ás entidades bancarias no importe das hipotecas, que teña en conta a responsabilidade dos bancos na sobrevaloración da vivenda no periodo da burbulla inmobiliaria, e as axudas públicas que recibiron para sanear eses mesmos activos lixo nos seus balances.

2.- Demandar do Goberno do Estado a modificación da Lei 1/2013 para reformar os procesos de execución hipotecaria, cando o debedor actuou de boa fe e o inmovible hipotecado é a súa vivenda habitual; a modificación debe admitir a dación en pago como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria así como a moratoria no pago dos prazos pactados (acomodándoos á situación económica do debedor), a transformación da hipoteca nun contrato de arrendamento con opción a compra e a condonación parcial da débeda.

3.- Demandar a inmediata paralización de todos os expedientes de desafiuzamento en trámite no noso país.

4.- Impulsar un parque de vivendas sociais que faga efectivo o dereito de todo/a cidadán/a a acceder a unha vivenda digna.

5.- Impulsar, con carácter inmediato, o Fondo Social de Vivenda, cos recursos orzamentarios suficientes para, entre outras medidas, garantir subsidiar as rendas de aluguer ás familias desafiuzadas con menores ao seu cargo, nos casos de risco de desintegración familiar ou perda de custodia por carecer de domicilio familiar.

6.- Establecer, con carácter inmediato, unha liña de axudas que cubran os impagos temporais, durante un período máximo de tres anos, das cotas derivadas dos préstamos convidos subscritos polos adquirentes de vivendas de protección autonómica para uso propio, así como as promovidas ou rehabilitadas para ese uso, nos casos en que como consecuencia da crise económica os ingresos da unidade familiar teñan experimentado unha redución significativa, o seu importe non exceda de 2,5 veces o



IPREM e a cota mensual da hipoteca supere o 50% dos referidos ingreso

7.- Presentar, no prazo de dous meses, un Plano para a promoción de aloxamentos para colectivos especialmente vulnerábeis nas poboacións galegas de máis de 20.000 habitantes.

8.- Demandar do Goberno do Estado as medidas necesarias para manter as condicións pactadas en materia de vivenda protexida e anular as resolucións negativas baseadas en criterios interpretativos contrarios a dereito (art.35 do R.D.Lei 20/2012, de 13 de Xullo). De ser necesario, o Goberno galego habilitará as partidas orzamentarias necesarias para manter as condicións pactadas cos propietarios/as e que causan dereito para estas persoas.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2013

**Asdo.: Cosme Eladio Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/11/2013 17:04:53**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/11/2013 17:05:01**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.4      15992(09/PNP-001128)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

*Publicación da iniciativa, 214, 13.12.2013*

#### Á MESA DO PARLAMENTO:

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do deputado **Antón Sánchez García**, e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento de dita Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, instando da COMATI ao cese inmediato da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz :

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

##### PRIMEIRO.- ANTECEDENTES.-

**1.-** Con data 14.06.2006 a Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo ditou resolución pola que se concedía á empresa *Construcciones Balboa y Chan S.L* licenza de modificación doutra anterior de data 02.03.2005, para a construción do edificio de dous bloques, A e B, sito no núm. 84 da rúa Progreso do Concello de Sanxenxo. En ditas datas D<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz ostentaba o cargo de xerente de urbanismo do Concello de Sanxenxo.

**2.-** Mediante Decreto 275/2009, de 7 de maio (DOG do 08/05/2009) noméase a D<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz como secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz.

**3.-** Con data 28.05.2009, e previo recurso contencioso-administrativo por un veciño, o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra anulou a Resolución de data 14.06.2006 da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de Sanxenxo no tocante á construción do bloque B por canto a parcela para a cal se autorizara carecía da condición de solar ao non gozar de fronte ao vial público. Ao tempo a resolución xudicial condenaba á Administración municipal a demoler o bloque B construído ao amparo da licenza.

**4.-** Con data 14.10.2010 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimou o recurso

de apelación interposto polo Concello de Sanxenxo contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 3 de Pontevedra de data 28.05.2009. En dita sentenza o TSXG precisa que *“Así, a la parcela que daba su frente a la calle Progreso se le aplicaba la Ordenanza número 2, de edificación en bloque cerrada, y podía merecer el otorgamiento de la licencia directa, dado que cumplía las exigencias singulares ahí previstas y tenía la consideración de solar por contar con acceso directo por vía pública (artículo 16.1 de la LOUPMRG), lo que no sucedía con la parcela situada a su espalda que, por no tener salida a vial alguno, no podía merecer la condición de solar, ni cumplir la exigencia de la Ordenanza número 4, grado B, de tener un frente mínimo de 12 metros al vial. El sólo hecho de agrupar físicamente dos parcelas en una sola unidad predial (ya estén o no registradas de ese modo) no determina que se deje sin efecto una ordenanza a favor de la otra (según ese argumento, también podría dejarse sin efecto la número 2), pues bastaría aquella decisión unilateral para neutralizar la norma, siendo así que ésta (por las razones que fueren) no ha previsto excepción alguna, de modo que ya se otorgue una licencia o ya dos, debe cumplirse la normativa urbanística en su conjunto, lo que no sucedió con la licencia de modificación que el 14.06.06 le otorgó la Gerencia Municipal de Urbanismo del Ayuntamiento de Sanxenxo a la sociedad mercantil "Construcciones Balboa y Chan, SL",*

**5.-** Con data 24.09.2012 o arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo emite un informe verbo da legalidade urbanística do Bloque B , concluíndo que *“non é susceptible de legalización”*. Compre precisar ao respecto que o PXOM vixente naquel momento non amparaba os complexos inmobiliarios, isto é, a existencia agrupada de dúas ou máis edificacións na mesma parcela, ao que se refería a sentenza do TSXG antes sinalada e que fora alegada pola representación do Concello de Sanxenxo.

**6.-** Mediante Orde da COMATI de 1 de abril de 2013 aprobouse definitivamente a modificación puntual nº 2 do PXOM de Sanxenxo (DOG de 17/04/2013), sendo publicado o seu contido normativo no BOP de 19/04/2013.

Dita modificación puntual do PXOM promóvese polo concello, de oficio, inmediatamente despois da conformación xudicial da nulidade da licenza de obras e tamén despois de que se constatase polos técnicos municipais a imposibilidade legal de legalización da edificación (bloque B) ao amparo do planeamento vixente.

Mediante dita Modificación, e ademais doutras modificacións, incluíuse nas

determinacións do planeamento os complexos inmobiliarios (agrupación de varias edificacións na mesma parcela), modificando o art. 4.1.4, fixando nas súas condicións xerais que *“En calquera das categorías relacionadas con anterioridade poderán autorizarse complexos inmobiliarios, sen parcelamento da finca de orixe ou con ela, no que as vivendas e os elementos comúns ó seu servizo, se empracen no ámbito territorial que o constitúan. Poderá accederse ás vivendas, ben directamente dende a vía pública, ben a través de espazo libre privado dun ancho mínimo de 6 metros.....”*.

Tamén mediante dita Modificación se inclúe un novo epígrafe no art. 4.2.2 do PXOM (denominado, precisamente, *“Parcelas calificadas con dúas ordenanzas”*, no que se establece que *“Nas parcelas con superficie afectada por dúas ordenanzas poderán autorizarse edificacións que se empracen sobre as dúas porcións de terreo con distinta calificación, sempre e cando no Proxecto Técnico que se achegue quede plenamente xustificado o cumprimento de tódolos parámetros urbanísticos previstos por cada unha das Ordenanzas que resulten de aplicación. No suposto de que unha das porcións de terreo calificada con ordenanza específica non teña acceso directo á vía pública, ou incumpra nesa porción de terreo a fronte mínima prevista pola ordenanza que lle fora de aplicación, poderá entenderse que ditos requisitos se teñan por cumpridos na porción de parcela calificada coa outra ordenanza, sempre e cando os volumes proxectados se empracen na superficie da parcela comprendida entre a aliñación fixada polo planeamento, e 45 metros medidos linealmente dende ela”*.

M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz, en canto secretaria xeral de urbanismo, é quen eleva ao conselleiro a proposta de aprobación de dita Modificación Puntual, tal e como consta expresamente na Orde da COMATI antes sinalada.

Isto é, mediante dita Modificación do planeamento (aprobada por Orde do conselleiro a proposta de Encarnación Rivas) o que se pretendía era *legalizar* o construído na Rúa Progreso e anulado por sentenza firme e cuxa licenza fora outorgada, con manifesta infracción da legalidade urbanística, cando era xerente de urbanismo en Sanxenxo a propia Encarnación Rivas.

7.- Posteriormente á aprobación e entrada en vigor de dita modificación puntual, o arquitecto municipal emite novo informe (de data 27/05/2013) no que sinala que *“de conformidade coa ordenación vixente, e en base á ordenanza incorporada ao Plan Xeral que regula aquelas parcelas clasificadas como solo urbano consolidado e cualificadas con*

*dúas ordenanzas (situación na que se atopa a edificación de referencia), a edificación que é obxecto desta valoración é legalizable conforme á normativa vixente”.*

O cal tamén é confirmado polo informe do aseo xurídico da Xerencia de Urbanismo, de data 17/07/2013 : “...unha hipotética solicitude de concesión de licenza de legalización da edificación de referencia que pudiera presentarse por parte dos interesados, obrigaría a esta Administración Municipal, necesariamente, a emitir un pronunciamento favorable, á vista do manifestado polo arquitecto municipal no seu informe de 27 de maio de 2013, e toda vez que mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 1 de abril de 2013, prestóuse aprobación definitiva á Modificación Puntual n.º 2 do PXOM de Sanxenxo”.

#### SEGUNDO.-

1.- Tal e como reollen distintas informacións a Secretaria Xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas está imputada penalmente polo delicto de prevaricación (ampliabile ao de cohecho) en relación co expediente da licenza de obra outorgada ao edificio da Rúa Progreso, cando exercía as funcións de Xerente de urbanismo do Concello de Sanxenxo. Consta tamén a súa participación no procedemento de aprobación da modificación puntual do PXOM de Sanxenxo que tiña a evidente e notoria finalidade de “legalizar” o contruido ao abeiro dunha licenza outorgada con ibfración da legalidade urbanística.

Como tamén está acreditada a participación de Encarnación Rivas na súa etapa de xerente de urbanismo do Concello de Sanxenxo (xullo 2004-décembro 2006) noutros expedientes urbanísticos que derivaron en anulacións xudiciais de actos e acordos municipais.

2.- Con independencia das responsabilidades penais que poidan derivarse do procedemento en curso no Xulgado de Cambados, a secretaria xeral debe ser cesada de inmediato.

A alegación de que dita secretaria xeral non forma parte do goberno da Xunta é insostible politicamente. O nomeamento da secretaria xeral é competencia da presidencia da Xunta, a proposta do conselleiro respectivo e logo de deliberación do Consello da Xunta. E a secretaria xeral de urbanismo é un órgano superior de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente responsable da execución da acción de goberno no sector de actividade específica da consellería correspondente ás súas



competencias, baixo a dirección da persoa titular desta, nos termos fixados pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e polo correspondente decreto de estrutura orgánica. As persoas titulares das secretarías xerais dirixen e coordinan as direccións xerais previstas neste decreto correspondentes ao seu ámbito de actividade.

En consecuencia, unha secretaria xeral, Encarnación Rivas, non é goberno pero é a persoa directamente responsable de executar a acción de goberno na materia de ordenación territorial e urbanismo, ostentando elevadas competencias e funcións executivas en dita materia, a da ordenación territorial e urbanística, que necesariamente obriga a que a persoa que as teña atribuídas non estea directamente relacionada, como participe directa, en actuacións contrarias á legalidade urbanística, algunhas delas xa depuradas na vía contencioso-administrativa e outras en trámite na penal.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda propón o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta da Presidencia da Xunta de Galiza ao cese inmediato de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz como secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2013.

Asdo.: Antón Sánchez García

Xosé M. Beiras Torrado

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 29/11/2013 13:47:49**

**Antón Sánchez García na data 29/11/2013 13:48:08**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.5    16650(09/PNP-001183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a subministración eléctrica ás familias en situación de pobreza.

*Publicación da iniciativa, 226, 21.01.2014*



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do seu deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

#### Exposición de motivos:

En Galiza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro -12.000 máis que en 2013-, e existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terríbeis de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza, ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos, ou á restrición no acceso á sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar, ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas,...., ou simplemente poder alimentarse.



Outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico ás súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000, e durante o ano 2012 foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte no subministro.

Esta situación, nos últimos días do outono e co inverno ás portas, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña aprobou a prohibición de cortes de enerxía a familias na pobreza. Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

Por outra banda, o goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como “pool” eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de



tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como “beneficios chovidos do ceo”, sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por unha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.



2.- Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 18/12/2013 12:16:25**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/12/2013 12:16:38**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.6      17276(09/PNP-001245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica no que se modifica a lexislación vixente en materia de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan a súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as leis, e se recoñece o dereito á maternidade libremente decidida o que implica non soamente recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A lei, que veu a substituír a unha regulación que vinte cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada dende o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería a situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando a súa seguridade xurídica e a á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de lei orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superado, as peores conxunturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado soamente nos supostos de violación e “grave perigo para a vida ou a saúde” da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, polo tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que xustificara a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non soamente suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde os últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Por iso non é estraño que a iniciativa do Goberno provocase a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde soamente provocou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de lei orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña do Campo na data 15/01/2014 09:49:43**

**María Carmen Gallego Calvar na data 15/01/2014 09:49:51**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 15/01/2014 09:49:53**

**José Luís Méndez Romeu na data 15/01/2014 09:49:58**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.7      18030(09/PNP-001300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia do actual mapa sanitario

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*

Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno para a súa tramitación urxente**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Xustificación da urxencia

**A urxencia vén dada pola alarma social xerada ante a gravidade deste asunto.**

### Exposición de motivos

O mapa sanitario de Galicia foise definindo ao longo dos anos en sucesivos decretos. O primeiro foi no ano 1984 e o último coa creación da área de Ferrol no 2005. Mapa sanitario que, ata agora, segue en vigor, pero que sen dúbida se vai modificar por mor dunha instrución que a actual Consellería de Sanidade sacaba este verán.

Exactamente se trata da instrución 7/2013 da Consellería de Sanidade que vén dividir Galicia en tres grandes áreas: Santiago, Vigo e A Coruña. Tres áreas creadas en torno aos complexos hospitalarios desas cidades e que a conselleira denomina como de “excelencia”.

E instrución que ninguén coñecía, pois non se fixera pública ata o de agora e que, ademais, tampouco se consultara con ninguén.

Este reparto a priori non parece moi equitativo para os diferentes complexos hospitalarios, pois s mentres o CHUAC vai contar con once referencias únicas e o CHUS con once a Vigo no CHUVI só se lle asignan catro.

Ademais, condena a non medrar aos hospitais provincias de Pontevedra Ourense, Ferrol e Lugo e, sen dúbida, será a morte para os comarcais.

Supomos que neste desigual “reparto” terá moito que ver que o sur de Galicia, aínda que conta co maior número de habitantes continúa, sen embargo, tendo unha dotación sanitaria claramente insuficiente.

Deficiencias e problemas que o novo hospital “privado” de Vigo non vai solucionar, xa que nace seriamente recortado. E deficiencias e problemas que tampouco solucionara o novo convenio de Povisa para os próximos anos que recolle menos prestacións por máis cartos.



Grupo Parlamentario

Pero, sobre todo, esta nova distribución vén prexudicar aos e as doentes, pois van ter que asumir desprazamentos máis longos. Así, as persoas enfermas do Salnés e de Pontevedra que antes eran derivadas a Vigo para ser atendidas, agora terán que ir ata Santiago. Incluso os nenos e as nenas para poder ser operados no Servizo de Cirurxía Pediátrica.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pero, dende logo, o mellor exemplo da irracionalidade das derivacións de pacientes asociadas a estes cambios estaría nas consecuencias que van ter para os e as usuarias do Hospital do Salnés (Vilagarcía) que terán que acudir ao Hospital Provincial de Pontevedra para unha consulta de Neuroloxía, a Montecelo para unha de Uroloxía, a Galaria (Vigo) para Radioterapia, a POVISA (Vigo) para Cirurxía Máxilo Facial ou Queimados; o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago a Cirurxía Torácica, Neurocirurxía, Cirurxía Pediátrica e Intervencionismo cardíaco e directamente a clínicas privadas si padece de insuficiencia renal e o Hospital Domínguez si ten un accidente de estrada.

En resumo, gañan determinadas empresas e profesionais próximos ao poder e perden os/as cidadáns/as e pacientes de Vigo, Pontevedra, Morrazo e O Salnés que terán un hospital de segundo nivel no caso de Vigo, perderán o Hospital Único en Pontevedra, deberán realizar esforzos e incomodidades para acceder aos servizos nas áreas de Pontevedra e O Salnés, ou soportarán listas de espera inaceptables en O Morrazo, Coia e Val Miñor si se trata do Sur e desprazarse ata Coruña para todo o que a consellería considere de “excelencia” se falamos do Norte, aínda que vivas en Monforte ou no Caurel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter o actual mapa sanitario de Galicia anulando de forma inmediata a Instrución 7/2013, da Consellería de Sanidade, pola cal se reestrutura a asistencia sanitaria na rede sanitaria pública en Galicia.**

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luís Méndez Romeu na data 28/01/2014 11:23:09**



---

**Grupo Parlamentario**

**María Carmen Gallego Calvar na data 28/01/2014 11:23:19**

**Pablo García García na data 28/01/2014 11:23:21**

**Juán Carlos González Santín na data 28/01/2014 11:23:28**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 28/01/2014 11:23:34**

**María Soledad Soneira Tajés na data 28/01/2014 11:23:39**

**María Concepción Burgo López na data 28/01/2014 11:23:44**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/01/2014 11:23:51**

**Manuel Vázquez Fernández na data 28/01/2014 11:23:56**

**Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 28/01/2014 11:24:02**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2014 11:24:09**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/01/2014 11:24:14**

**José Manuel Gallego Lomba na data 28/01/2014 11:24:20**

**María Carmen Acuña do Campo na data 28/01/2014 11:24:25**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 28/01/2014 11:24:31**

**José Ramón Val Alonso na data 28/01/2014 11:24:36**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/01/2014 11:24:40**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 28/01/2014 11:24:41**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.8      18277(09/PNP-001319)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Proxecto de lei de racionalización do sector público estatal no referido á licenza deportiva única

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, pola necesidade de que se trate canto antes en Sede Parlamentaria esta cuestión de gran importancia no ámbito deportivo.

### Exposición de motivos

O Consello de Ministros do pasado 17 de xaneiro, aprobaba o proxecto de Lei de Racionalización do Sector Público Estatal. Entre as medidas recollidas no texto, atópase a denominada “licenza deportiva única” que, como se apunta polas instancias do goberno central e do Consello Superior de Deportes, virá a supor que, unha vez obtida, se habilite o seu titular a participar en calquera competición oficial, xa sexa estatal ou autonómica.

Este Grupo é coñecedor que a administración deportiva autonómica, se ben favorable a eliminar trabas administrativas e a evitar duplicidades que en nada benefician ós cidadáns –tampouco no ámbito deportivo–, presentou unha redacción alternativa ó texto aprobado no texto de Lei referido, por considerar que a actual redacción arroxa dúbidas sobre o seu encaixe á luz das competencias estatais e autonómicas no ámbito deportivo.

Asemade, as federacións deportivas galegas tense manifestado maioritariamente contrarias á medida, aducíndose similares razóns legais, así como outras de carácter operativo e deportivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno, polo trámite de urxencia.

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. No ámbito deportivo, colaborar coa administración xeral do Estado para adoptar medidas que veñan a simplificar os procedementos administrativos e a evitar indesexables duplicidades para os cidadáns.
2. Realizar as accións oportunas para que estas medidas sexan respectuosas coa competencia exclusiva da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/01/2014 10:36:08**

**María Dolores Faraldo Botana na data 30/01/2014 10:36:23**

**Agustín Baamonde Díaz na data 30/01/2014 10:36:34**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/01/2014 10:36:46**

**María Carmen Pardo López na data 30/01/2014 10:36:55**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 30/01/2014 10:37:10**

**Paula Prado del Río na data 30/01/2014 10:37:22**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 30/01/2014 10:37:32**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/01/2014 10:37:48**

**Moisés Blanco Paradelo na data 30/01/2014 10:38:01**

**Javier Dorado Soto na data 30/01/2014 10:38:15**

**Jaime Iñíguez Martínez na data 30/01/2014 10:38:27**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)

[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2014 10:43  
**Nº Registro: 18277**  
Data envío: 30/01/2014 10:43:58.024

**Marta Rodríguez Arias na data 30/01/2014 10:38:43**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/01/2014 10:38:50**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 30/01/2014 10:39:09**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/01/2014 10:39:22**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 11.02.2014 Hora: 10:00  
Orde do día

6. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.1      11098(09/INT-000428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 2 máis

Sobre a importancia a importancia que os programas e iniciativas europeas teñen para a economía e a estabilidade social de Galicia.

*Publicación da iniciativa, 153, 05.09.2013*

## Á Mesa do Parlamento

**Marisol Soneira Tajés, José Luis Méndez Romeu e Pablo García García**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os distintos programas financiados con recursos dos orzamentos da Unión Europea (UE) teñen cumprido unha importante labor no desenvolvemento económico de España e, de xeito singular, nas comunidades autónomas con rendas inferiores as medias da UE.

Galicia é unha desas comunidades autónomas que ten recibido achegas cuantiosas para a transformación das súas infraestruturas e dos seus sectores produtivos, dende o mesmo momento en que os programas entraron en vigor e, aparentemente, o aproveitamento dos mesmos non foi homoxéneo se temos que facer caso aos niveis de execución dos mesmos ao longo dos últimos exercicios.

Tampouco a opinión pública ten conciencia certa do significado, e significan, os recursos europeos no desenvolvemento económico e social de Galicia xa que, salvo o clásico cartel onde figuran as orixes da obra ou da iniciativa levada a cabo, pouco se ten feito por trasladar á cidadanía esta circunstancia. E tampouco se ten feito o esforzo, por parte do Goberno, de amosar o grao de eficiencia e o volume das iniciativas que se teñen levado a cabo con cargo ao financiamento europeo e a súa repercusión no conxunto da sociedade.

A deputada e os deputados que asinan, tentando acometer un debate construtivo e esclarecedor sobre a importancia que os programas e iniciativas europeas teñen, aínda hoxe, para a economía e a estabilidade social de Galicia, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Dende a incorporación española á Unión Europea (antes Comunidade Económica Europea), cal foi o volume de recursos obtidos pola Comunidade Autónoma de Galicia con cargo aos distintos programas e iniciativas postos en marcha pola UE?



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Cal foi a distribución, por programas, sectores económicos e sociais, e período ao longo deste período de tempo?
3. Cal foi o nivel de execución dos mesmos en cada un dos apartados a que fai referencia a pregunta anterior?
4. Ten devolto a Comunidade Autónoma de Galicia recursos europeos por falta de demanda dos mesmos, incapacidade executiva, cobros indebidos ou calquera outra circunstancia? Se é así, en que contía e en que período e programa?
5. Diante do novo escenario de crise económica e financeira, ten renunciado a Xunta de Galicia a algún programa ou iniciativa europea por non poder facerlle fronte a parte proporcional de cofinanciamento con recursos propios? Se é así, a cales e a cantos, e canto supón en termos económicos?
6. Ten feito a Xunta de Galicia as proxeccións do que suporá a mingua destes recursos a curto, medio e longo prazo no tecido produtivo galego e no conxunto da súa economía, diante do novo escenario orzamentario comunitario e a posición de Galicia na táboa de rendas, por rexión, europea?

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2013

Asdo.: Marisol Soneira Tajés  
José Luis Méndez Romeu  
Pablo García García  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 14/08/2013 12:37:39**

**José Luís Méndez Romeu na data 14/08/2013 12:37:48**

**Pablo García García na data 14/08/2013 12:37:54**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.2    14024(09/INT-000500)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as repercusións dos recortes salariais

*Publicación da iniciativa, 187, 29.10.2013*



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada Yolanda Díaz Pérez e o deputado Juan Manuel Fajardo Recouso, membros do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN, relativa a rebaixa dos salarios.

O razoable nunha sociedade democrática sería o cese de calquer ministro que tivera a desvergoña de mentir nunha cámara de representación popular e poñamos o caso, a todas luces improbable, negar que os salarios baixasen nun contexto estatístico onde entidades como a Organización Internacional do Traballo (OIT), o Instituto Nacional de Estatística (INE), afirman o contrario, e incluso o propio ministerio dese ministro, a Axencia Tributaria na súa estatística de vendas, emprego e salarios nas grandes empresas, deixan ás claras que os salarios baixan e a inflación sube.

Se un cargo público tentase semellante ridícula vileza, os outros poderes públicos terían que reaccionar de xeito fulminante, recriminando un comportamento que fire de xeito necesario a desgarrada corda moral dun país onde máis de 341.000 persoas están no paro, a pobreza non cesa de crecer e onde os salarios desgrazadamente baixan, nun país onde o sufrimento social si crece. Crecen poucas cousas, pero unha delas é a corrupción política que expresarán esas mentiras ministeriais.

As políticas neoliberais que acaudillan gobernos como Feijóo están a realizar unha homicida redistribución da renda, que provoca sangue, suor e bágoas na cidadanía traballadora galega, ao arrincar ao mundo do traballo condicións laborais e servizos públicos para entregarllos ao capital, á burguesía. A esa causalidade obedece que a central de balances do Banco de España sancione estatisticamente un reparto onde as rendas do traballo baten un mínimo e as rendas do capital un máximo.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) formula a seguinte interpelación:



- Que iniciativas está a desenvolver o goberno galego para que semellantes declaracións non se volvan repetir e se depuren as axeitadas responsabilidades políticas?
- Que actuacións desenvolve e desenvolverá o goberno galego para conquistar unha sociedade onde os salarios crezan e o fagan máis que o custo da vida?
- Considera xusto e desexable o actual reparto entre rendas do traballo e rendas do capital?

Compostela, 18 de outubro do 2013.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso.

-

Compostela, 17 de outubro do 2013.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 18/10/2013 12:38:01**

**Juán Manuel Fajardo Recouso na data 18/10/2013 12:38:13**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.3      15283(09/INT-000519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o servizo de mantemento integral de equipamentos  
electromédicos e outro equipamento, adxudicado polo Sergas

*Publicación da iniciativa, 204, 28.11.2013*



### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa ao rescate do servizo de mantemento integral de equipamentos electromédicos e outro equipamento, adxudicado polo SERGAS a Ibérica de Mantenimiento S.A.

O pasado 20 de xuño a Xunta de Galiza adxudicoulle a Ibérica de Mantenimiento S.A. o servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento por un período de tres anos e catro meses. Este contrato consta de 6 lotes que se corresponden coas Áreas de Xestión Integrada da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e X.A.P. de Vigo.

Existen claras evidencias de que a empresa está a incumprir todos e cada un dos apartados do prego de prescricións técnicas e da oferta. Dos 91 postos ofertados, a día de hoxe non teñen cuberto o 60%. Os tempos de resposta non se corresponden para nada coa oferta mesmo naquelas situacións críticas; non cobren o servizo as 24 horas; carecen de medios materiais; non teñen ao día a relación de equipos; non cumpren o plan de mantemento preventivo; non hai constancia de que realicen mantementos preventivos técnicos legais; non fan os mantementos correctivos; incumpren os prazos para a substitución de equipos; non teñen a disposición do SERGAS os equipos ofertados para substituír en caso de avaría e non instalaron o sistema informático, como se recolle na oferta.

Desde finais de setembro na maioría dos hospitais os servizos de radioloxía, endoscopias, diálise e esterilización estanse vendo obrigados a anular centos de citas



porque os equipos (mamógrafos, ortopantógrafos, equipos endoscópicos, equipos de raios X) non se están a reparar nin son substituídos nos prazos establecidos.

Na maioría dos hospitais é imposible desde os servizos pórse en contacto coa empresa fóra do horario de mañá para dar avisos de avarías malia o compromiso de presenza as 24 horas.

A Xunta está a desmantelar un servizo público que funcionaba perfectamente, con custes reducidos, profesionais moi cualificados, con experiencia e unha calidade na asistencia inmillorábel.

É evidente que as privatizacións que está levando a cabo a Xunta non teñen como obxectivo a mellora dos servizos nin o aforro económico, senón o afán do goberno do Partido Popular por privatizar a sanidade pública entregándoa a empresas privadas para facer negocio coa saúde dos cidadáns.

Por estas razóns fórmulase a seguinte Interpelación:

1. Está cumprindo a empresa Ibérica de Mantenimiento S.A. o prego de condicións, establecidos polo SERGAS, para adxudicarlle o servizo de mantimento integral de equipamento electromédico e outro equipamento ?
2. Desde a adxudicación do contrato o 20/6/2013 que seguimento está a facer o Sergas do nivel de cumprimento do mesmo?
3. A día de hoxe a empresa conta coas 91 persoas que se establecían no prego?



4. Está a empresa a cumprir cos tempos de resposta establecidos?
5. Está a cumprir coa condición de dispoñibilidade de 24 horas?
6. Ten constancia a Consellaría da realización de mantemento preventivo e substitución dos equipos?
7. Estanse suspendendo citas para probas diagnósticas por non dispoñibilidade dos equipos ou avaría?
8. Diante das denuncias de incumprimento por parte de Ibérica de Mantenimiento S.A. e do deterioro na prestación do servizo, que actuacións ten realizado ou vai realizar a Consellaría?
9. Vai proceder ao rescate da adxudicación do contrato?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2013

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2013 10:44:04**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.4    15513(09/INT-000529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a nova carteira de servizos en materia de dependencia

*Publicación da iniciativa, 204, 28.11.2013*

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Alvarez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No Pleno de data 12 de novembro de 2013, comparecía a Conselleira de Traballo e Benestar para dar conta das novas carteiras de servizos en materia de dependencia (xa publicada no DOG mediante decreto), maiores e discapacidade, infancia e familia e inclusión.

Como puidemos constatar tanto polo dito na comparecencia como polo xa coñecido a través do DOG estas novas carteiras de servizos nin poñen en marcha novos servizos para as persoas usuarias, nin incrementan os recursos económicos para prestar estes servizos nin se dotan de máis persoal os centros onde se prestan estes servizos.

Trátase dunha nova clasificación dos servizos que pola súa imposible realización coa actual escaseza de medios humanos e materiais, vai abocar a situacións que reverten os servizos sociais a épocas pasadas, con centros convertidos en "aparcadoiros de persoas" e con moitos dos servizos externalizados ou privatizados, e cunha considerable merma da calidade do resto.

Dado que ademais o dialogo sobre estas "carteiras de servizos" está ausente da práctica política da Consellería de Traballo e Benestar, posto que nin concellos, nin profesionais foron escoitados nin tidos en conta (máis alá dunha enquisa), as deputadas ante este evidente cambio de modelo, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que organizacións, grupos de profesionais e concellos participaron ou participan da elaboración da carteira de servizos de dependencia?
2. Que alegacións presentaron e cales foron atendidas? Como vai influír esta nova carteira de servizos nos copagos que as persoas usuarias realizan polos mesmos?
3. En que considera a consellería que mellora a calidade de vida das persoas usuarias e o funcionamento dos centros con esta carteira de servizos?

 Grupo Parlamentario

4. Garante o Goberno galego que non vai privatizar a prestación de ningún destes servizos?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2013

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Carmen Acuña do Campo  
María Quintas Alvarez  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Gallego Calvar na data 20/11/2013 13:18:28**

**María Carmen Acuña do Campo na data 20/11/2013 13:18:34**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 20/11/2013 13:18:39**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.1    18586(09/POPX-000056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración polo Presidente da Xunta de Galicia en  
relación a situación dos servizos públicos en Galicia

 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Qué valoración fai o Sr. presidente sobre a situación dos servizos públicos en Galicia ?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luís Méndez Romeu na data 03/02/2014 11:52:50**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.2    18593(09/POPX-000057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as declaracións do Presidente da Xunta sobre a loita  
contra o nepotismo e o clientelismo en Galicia



### Á Mesa do Parlamento

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

#### **PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

“Segue asegurando que con vostede se vai acabar o nepotismo e o clientelismo en Galiza?”

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**  
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/02/2014 13:06:20**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 11.02.2014**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.3 18602(09/POPX-000058)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as medidas a tomar polo Presidente da Xunta en relación  
á cobertura dunha xefatura de servizo no SERGAS



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira do Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte PREGUNTA dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no Pleno.

- Que actuacións concretas vai desenvolver a presidencia da Xunta de Galicia para atallar prácticas nepotistas como as da consellaría de sanidade, anuladas polo TSXG en relación coa cobertura dunha xefatura de servizo no SERGAS?

Compostela, 3 de febreiro do 2014

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 03/02/2014 15:05:11**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 11.02.2014 Hora: 10:00  
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.1      17131(09/POP-001473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis

Sobre os motivos que levan ao Goberno galego a formular o III  
Plan director de cooperación galega para o desenvolvemento  
2014-2017

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*

Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Beatriz Sestayo Doce, Marisol Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno galego vén de aprobar en Consello da Xunta de Galicia para a súa remisión ao Parlamento de Galicia o III Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2014-2017.

Este plan apróbbase no marco dunha política orzamentaria restritiva nesta materia, ata tal punto que retrocedemos a niveis de investimento inferiores aos gobernos do PP en Galicia nos anos 90.

Unha política orzamentaria que non só restrinxen o investimento en cooperación e pon en risco os programas plurianuais de investimento e polo tanto os proxectos a curto, medio e longo prazo, senón que acompaña á deriva emprendida polo Goberno central e cuestiona claramente a política de cooperación ao desenvolvemento.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Cales son os motivos que levan ao Goberno de Galicia a formular o III Plan director de cooperación nestes termos?**

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2014

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Beatriz Sestayo Doce  
Marisol Soneira Tajés  
Vicente Docasar Docasar  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/01/2014 11:14  
Nº Rexistro: 17131  
Data envío: 13/01/2014 11:14:34.016



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

\_\_\_\_\_  
**María Carmen Gallego Calvar na data 13/01/2014 11:13:14**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

\_\_\_\_\_  
**Beatriz Sestayo Doce na data 13/01/2014 11:13:19**

\_\_\_\_\_  
**María Soledad Soneira Tajés na data 13/01/2014 11:13:24**

\_\_\_\_\_  
**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 13/01/2014 11:13:29**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.2      17875(09/POP-001602)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a implantación na Xunta de Galicia do horario flexible para as empregadas e empregados públicos.

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*

## Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A publicación, o pasado 31 de decembro, da *ORDE do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia* supón a implantación como novidade na Xunta de Galicia dun novo horario flexible para as empregadas e empregados públicos así como a incorporación da modalidade de prestación de servizos de xeito non presencial a través da figura do teletraballo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta

En qué consisten exactamente estas dúas novas figuras que a Xunta introduce no seu funcionamento?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 24/01/2014 09:50:08**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Agustín Baamonde Díaz na data 24/01/2014 09:50:27**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/01/2014 09:50:39**

**María Carmen Pardo López na data 24/01/2014 09:50:44**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 24/01/2014 09:50:58**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2014 09:51:08**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/01/2014 09:51:15**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.3      17806(09/POP-001591)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno da apertura do último treito  
lucense da autovía do Cantábrico A-8

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Vidal Martínez-Sierra López e Alejandro Gómez Alonso**, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O anuncio por parte dos actuais responsables do Ministerio de Fomento da inminente finalización do último treito en obras da autovía do Cantábrico (A-8) -ao seu paso pola provincia de Lugo- contribuirá á apertura definitiva dunha infraestrutura chamada a vertebrar A Mariña lucense e a mellorar a súa conexión co resto de España e de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia da apertura do último treito lucense da autovía do Cantábrico A-8?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2014

### Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Balseiro Orol na data 23/01/2014 12:25:59**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 23/01/2014 12:26:09**

**Alejandro Gómez Alonso na data 23/01/2014 12:26:17**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.4    16872(09/POP-001423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 3 máis

Sobre a modificación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo,  
de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do  
embarazo

*Publicación da iniciativa, 225, 20.01.2014*



### Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín, Tereixa Paz Franco, Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O goberno do PP aprobou en Consello de Ministros o anteproxecto de lei de protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada, que substituirá á actual lexislación de 2010 que permite a libre interrupción voluntaria do embarazo até a semana 14. Este texto volve lexislar en función de supostos e non de prazos e que é aínda máis restritivo que o de 1985, xa que elimina o suposto de aborto en caso de malformación do feto e só permite a interrupción do embarazo en caso de violación ou de risco para a saúde da nai.

A entrada en vigor da *Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo* supuxera un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto. Os datos rematado o 2013 veñen a confirmar que a súa implantación non significou un aumento do número de IVE realizadas e mellorou parcialmente as condicións de acceso a sanidade pública para a súa realización. O certo é que a norma vixente non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, abrindo as portas a que fique fóra do ámbito público o que limita a igualdade de acceso, xa que só existindo unha oferta desde o ámbito público pode garantirse o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

A nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza, cun nome no que se elimina a saúde sexual e reprodutiva das mulleres, aplica o programa ideolóxico dos



grupos ultrarelixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres, non responde, en ningún caso, a criterios económicos, nin sanitarios, nin educativos e preventivos. Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é reinstaurar os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo a moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos e non lles quede outra opción que recorrer á clandestinidade. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a súa saúde das mulleres.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Que valoración realiza a Secretaria xeral da Igualdade da modificación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

**Tereixa Paz Franco**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2014 13:39**  
**Nº Rexistro: 16872**  
Data envío: 03/01/2014 13:39:42.100



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María do Carme Adán Villamarín na data 03/01/2014 13:36:32**

**María Tareixa Paz Franco na data 03/01/2014 13:36:39**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/01/2014 13:36:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2014 13:36:48**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.5      18222(09/PUP-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as presuntas irregularidades no proceso de selección da Xefatura de Servizo de Cirurxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

*Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014*

Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez e José Antonio Sánchez Bugallo**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Xustificación da urxencia

#### **A urxencia vén motivada pola alarma social creada.**

Acábase de coñecer a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, pola cal se confirman unhas irregularidades no proceso de selección da Xefatura de Servizo de Cirurxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, celebrado no seu día.

Non se trata da primeira irregularidade detectada nestes procesos de selección de xefaturas, como teñen confirmado xa outras sentenzas pero, sen dúbida, é a máis grave, dada a relación que o caso de Santiago ten coa conselleira de Sanidade.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

#### **Que medidas vai adoptar o Goberno galego ante esta resolución do Tribunal Superior de Xustiza?**

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
José Antonio Sánchez Bugallo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

#### **Asinado dixitalmente por:**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2014 09:30  
Nº Rexistro: 18222  
Data envío: 29/01/2014 17:07:44.687



---

**Grupo Parlamentario**

**María Carmen Acuña do Campo na data 29/01/2014 17:06:19**

**María Carmen Gallego Calvar na data 29/01/2014 17:06:25**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 29/01/2014 17:06:27**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 29/01/2014 17:06:31**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 11.02.2014**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.6 18385(09/POP-001677)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre a implantación en Galicia do copagamento dos  
medicamentos dispensados nas farmacias hospitalarias



### Á MESA DO PARLAMENTO

**Juan Manuel Fajardo Recouso** e **Eva Solla Fernandez** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O noso grupo ten amosado en numerosas ocasións o noso frontal rechazo á medida adoptada polo goberno do Partido Popular en relación a implantación en Galicia do copagamento dos medicamentos dispensados nas farmacias hospitalarias a determinados doentes, sobre todo afectados por doenzas graves e crónicas.

Ademais de ser unha medida cruel, tense demostrado a súa ineficacia en termos aforro económico e as súas contraindicacións en termos asistenciais, pese a todo isto o Sr. Feijoo pretende impulsar esta medida en Galicia, cando moitas outras comunidades están a rexeitar a súa implantación.

Nesa fuxida cara adiante do recortador oficial Feijoo, téñense adoptado medidas para implantar esta decisión nos hospitais galegos, medidas que van dende a compra de TPV para o pago dos medicamentos, ata a obrigatoriedade de pago mediante tarxeta bancaria en determinados centros. Estas dúas decisións supoñen un elevado custe para a administración, pero tamén para á cidadanía, obriga a adquirir produtos bancarios, aínda que non os precisen para facer fronte a este copagamento, ademais a decisión de que o pago se produza en dependencias alleas ás farmacias hospitalarias, conlevará en moitos casos o pago previo a entrega do medicamento, ou en outros casos o pago demorado, o que suporá en caso de que o paciente esqueza pasar polo departamento económico do hospital de turno, un incremento dos custes para a

administración, polo proceso de notificación, como para o usuario polos xuros de demora e os custes dos embargos bancarios.

Por todo isto os deputados que subscriben, pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Non ten previsto o Goberno galego deixar sen efecto o copagamento da farmacia hospitalaria e o mecanismo adoptado para este pago mediante tarxeta bancaria en dependencias alleas ás propias farmacias?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2014.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Eva Solla Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 31/01/2014 10:35:24**

**Juán Manuel Fajardo Recouso na data 31/01/2014 10:35:30**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 11.02.2014**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.7 18603(09/PUP-000084)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 3 máis

Sobre as medidas a adoptar pola Xunta de Galicia tendentes a frear o fluxo migratorio



#### Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez, Juan Manuel Fajardo Recouso e Ramón Vázquez Díaz,, integrantes do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente, relativa a sangría da emigración galega.****

#### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Os restritivos dados que en materia de emigración manexa o Instituto Galego das Cualificacións, que non inclúen ás persoas que marcharon ao estranxeiro en busca de emprego ou que marcharon a outras comunidades do Estado e non atoparon emprego, son aínda así alarmantes, porque confirman o fracaso abouador dunha política económica que fai invivible para milleiros de persoas e familias este país.

As máis de 117.000 galegas e galegos emigrados dende 2009 na procura de pan e traballo interpelan aos poderes públicos galegos en relación coa imposibilidade de vivir e traballar neste país. A súa marcha nos deixa sen o seu saber facer e estreita aínda máis a pirámide da ocupación no noso país, debilitando a base de cotizantes á Seguridade Social. As súas capacidades e saberes os van aproveitar outros; os perdemos nós. Este novo exilio económico esixe da Xunta de Galicia unha fonda rectificación da súa política económica e social.

Ante a gravidade da situación, **Alternativa galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA – ANOVA)** formula a seguinte pregunta oral urxente para resposta en Pleno:

**- Que actuacións de urxencia vai desenvolver a Xunta de Galicia para evitar a sangría da emigración que padece o noso país?**

Compostela, 3 de febreiro do 2014.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado  
Asdo. Yolanda Díaz Pérez  
Asdo. Ramón Vázquez Díaz  
Asdo Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 03/02/2014 14:59:13**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 03/02/2014 14:59:17**

**Juán Manuel Fajardo Recouso na data 03/02/2014 14:59:23**

**Ramón Vázquez Díaz na data 03/02/2014 14:59:28**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.8      15471(09/POP-001313)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a modificación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade  
Persoal, 065

*Publicación da iniciativa, 204, 28.11.2013*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso e Xabier Ron Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Pleno, relacionada coa modificación servizo do 065**:

Nos últimos días vimos de corroborar que a Consellería de Benestar está a preparar un novo decreto no que se vai evidenciar un novo recorte en dereitos sociais, en concreto en materia da autonomía das persoas con diversidade funcional, ao modificar de forma substancial o funcionamento e acceso ao Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065).

Os contidos, anticipados nos medios de comunicación, indican que se vai efectuar un recorte de servizos ao limitar o uso de este 065 a certas consultas médicas, retirando o dereito actual a traslados a centros residenciais e de día. Ademais, fíxase un tope de viaxes (dez) mensuais e establécese un repago ao traveso das asociacións e colectivos de discapacidade, que deberán xestionar o transporte de maneira particular, algo que significa un enorme problema de viabilidade para os colectivos máis pequenos.

En definitiva, semella que as persoas con discapacidade van ter que soportar un novo recorte de dereitos que se suma aos repagos de medicamentos, medicacións e produtos excluídos da carteira básica, repago de próteses e un longo etcétera que culmina coa paralización e a fin da Lei de Dependencia.

Por isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, pregunta:

- Por que a Xunta de Galicia non amplía o servizo público do 065 en troques de retirar parte do mesmo para financiar paralelamente un servizo privado mentres establece un repago?

Compostela, 19 de novembro de 2013

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Juan Fajardo Recouso  
Xabier Ron Fernández  
Deputados do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 20/11/2013 11:17:11**

**Juán Manuel Fajardo Recouso na data 20/11/2013 11:17:21**

**José Javier Ron Fernández na data 20/11/2013 11:17:29**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 11.02.2014                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.9      18604(09/PUP-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre os criterios utilizados polo Goberno galego nas  
negociacións a nivel estatal para o reparto das cotas de  
especies peláxicas



### Á Mesa do Parlamento

**Daniel Rodas Chapela**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

#### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada pola alarma que se está a producir no sector da pesca (cerco e artes menores), ante o resultado das negociacións levadas a cabo a nivel estatal para o reparto das cotas de especies peláxicas, nas que se acordou un reparto en función do criterio dos supostos dereitos de capturas históricas. Este criterio favorece descaradamente os intereses da flota vasca, que acapara así o 70% do total de capturas no caso da xarda, o que representa unha auténtica afronta aos intereses galegos.

Pero é que na negociación do xurelo tamén saímos prexudicados, xa que nos reduciron o TAC nun 27%, mentres a outros mantéñenselle as capturas na zona Ciem VIIIb e son compensados coa subida do verdel nun 30% .

Diante da alarma que suscitan as negociacións levadas a cabo polo Goberno galego e unha representación do sector, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno pola vía de urxencia:



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/02/2014 16:57  
Nº Rexistro: 18604  
Data envío: 03/02/2014 16:57:01.320



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que criterio defendeu o Goberno galego na negociación das principais especies peláxicas: rincha, xurelo, lirio, e cales son as medidas que vai adoptar para modificar os actuais criterios de reparto que discriminan a Galiza ?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 03/02/2014 16:56:32**